Quinto.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que possibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Sexto.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Sétimo.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa**.

Oitavo.- Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúranse como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA de todo o territorio dos 18 Concellos asinantes, mediante o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.-

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento da promoción turística conxunta a realizar de forma compartida entre os concellos de A Estrada, Arzúa, Boqueixón, Lalín, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces.

Segunda.- Ámbito territorial.-

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente ós concellos de A Estrada, Arzúa, Boqueixón, Lalín, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces.

O ámbito territorial definido na presente cláusula poderá verse ampliado pola incorporación doutros concellos ao mesmo. A incorporación de novos concellos producirase mediante a sinatura do correspondente protocolo de adhesión, previa solicitude dirixida á entidade xestora do convenio, que lle dará traslado da mesma á Comisión Mixta.

Terceira.- Obxectivos da colaboración.-

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a promoción turístico-económica dos concellos asinantes.
- Realizar unha promoción turístico-económica de forma eficaz e eficiente.
- Minorar os custos antieconómicos da promoción turística illada.
- Ofrecer unha lectura territorial conxunta e coherente, máis aló dos límites municipais, imperceptibles para o turista.
- Dar resposta ás necesidades de promoción turística mediante unha axeitada planificación previa.
- Valorizar os recursos dispoñibles e optimizar os recursos preexistentes.

Cuarta.- Xestión compartida do servizo.-

A xestión das actividades obxecto do presente convenio será realizada polo Concello de Santiago de Compostela, a través da sociedade pública municipal “Información e Comunicación Local, S.A.” (Turismo de Santiago de Compostela), medio propio da devandita Administración e incluírá todo o relacionado coa xestión, aspectos materiais, técnicos ou de servizo da promoción turística conxunta (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc).

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Debe determinarse un Catálogo de Condicións en que se debe levar a cabo a xestión.

Este convenio comprende tamén a posibilidade de contratación por un dos Concellos - directamente ou a través dos seus medios propios- na forma que se sinale, das actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión da promoción turística conxunta, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 109.5. do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido la Lei de contratos do sector público, que regula a financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que se tramitará un só expediente de contratación polo Concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse a orde do seu pagamento.

Quinta.- A Comisión Mixta. Coordinación.-

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos dos mesmos.

A Comisión Mixta reunirse en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerese polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

As súas principais funcións serán:

- O seguimento da xestión das actividades de promoción turística conxunta.
- Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo.
- A fixación do Catálogo de Condicións da promoción turística conxunta, co establecemento das directrices básicas, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.
- A elaboración das súas normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

Sexta.- Elaboración do Catálogo de Condicións da promoción turística compartida e modificación de ordenanzas.-

Os plenos dos Concellos que pretenden colaborar deberán, no prazo máximo de dous meses, proceder a aprobar o correspondente Catálogo de Condicións da promoción turística conxunta, que lle propoña a Comisión Mixta.

Nese mesmo prazo, deberán proceder a modificar, no seu caso, as Ordenanzas e regulamentos que afecten directamente ao funcionamento da promoción turística conxunta co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da Comisión.

Sétima.- Medios persoais e materiais.-

De ser o caso, cada concello sinalará en anexo ao presente convenio os medios persoais e materiais que adicará á realización das actividades materiais, técnicas ou de servizos que constitúen o obxecto da xestión compartida.

Cada concello asumirá directamente a xestión das indemnizacións por razón do servizo así como outros gastos nos que podan incurrir os seus representantes na comisión mixta.

Oitava.- Subvencións e axudas.-

Para a xestión do servizo poderán solicitarse axudas á Xunta de Galicia, ás deputacións provinciais correspondentes, así como a calquera outra Administración ou institución con competencias en materia de turismo ou de desenvolvementos rural e rexional.

As solicitudes e xestión de subvencións e axudas para a promoción turística conxunta serán propostas pola Comisión Mixta e solicitadas polo Concello encomendado ou ben na forma que se determine nos termos da convocatoria correspondente.

Nestes casos faranse constar expresamente na solicitude, de ser o caso, os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante do presente convenio, de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes.

Novena.- Financiamento.-

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para un

eficaz e eficiente funcionamento da promoción turística conxunta. Para este efecto habilitarán ás aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo interventor ou Secretario-Interventor do concello correspondente no prazo de dous meses dende o inicio de cada exercicio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta. Os concellos asinantes fixan o orzamento conxunto para o exercicio 2014 en corenta e cinco mil euros (45.000 €) . Nos exercicios sucesivos o orzamento conxunto non poderá superar nun vinte por cento o fixado para o exercicio anterior.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse as aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido.

A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento do servizo e daralle traslado das mesmas a cada concello.

O reparto será de acordo co resultado da porcentaxe resultante de aplicar a media ponderada dos catro seguintes elementos: poboación, superficie, último orzamento municipal aprobado en pleno e prazas turísticas (capacidade aloxativa), calculados sobre as últimas cifras oficiais anteriores á do ano de aplicación. No anexo I ao presente convenio achégase o cadro de reparto correspondente ao exercicio 2014.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

Décima.- Causas de resolución.-

Ou presente convenio resolverase:

- a) Por mutuo acordo das partes signatarias.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que ou regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.
- d) Por denuncia unilateral, con preaviso de tres meses.

A denuncia unilateral por parte dun dos concellos asinantes do convenio suporá que o mesmo cesará como suxeito das obrigas e dereitos xurdidos en virtude deste convenio. Esta circunstancia non afectará á continuidade da vixencia do convenio respecto do resto de concellos asinantes.

A renuncia a seguir formando parte do convenio por algún dos concellos deberá ser formalizada mediante acordo Plenario por maioría absoluta do seu número legal de membros.

No caso de resolución do convenio cada concello recuperará os medios persoais e materiais que tivese adscritos ao desenvolvemento deste.

Décimo Primeira.- Vixencia do convenio.-

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

Décimo Segunda.-Natureza do convenio.-

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola Comisión Mixta quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo Terceira.- Normativa aplicable.-

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.-

Décimo Cuarta.- Xurisdición competente.-

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, en tantos exemplares como partes o subscriben, e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

ANEXO I: Cadro de reparto porcentual das achegas económicas por concello correspondentes ao ano 2014

CONCELLOS (16)	POBOACIÓN (INE 01/01/2013)	%	SUPERFICIE (km²)	%	ORZAMENTO MUNICIPAL 2013	%	Nº establec. (REAT 28/10/13)	Capac. aloxativa (REAT 28/10/13)	% (capac. aloxat.)	%	Achega 2014
1 A Estrada	21.464	10,10%	281	12,74%	12.440.000,00	7,34%	30	486	3,78%	8,49%	3.820,50
2 Arzúa	6.276	2,95%	155,48	7,05%	4.850.719,00	2,86%	44	880	6,84%	4,93%	2.216,25
3 Boqueixón	4.370	2,06%	73,18	3,32%	2.818.246,00	1,66%	1	18	0,14%	1,80%	807,75
4 Lalín	20.048	9,43%	326,83	14,82%	12.524.923,23	7,39%	16	376	2,92%	8,64%	3.888,00
5 Melide	7.313	3,44%	101,3	4,59%	5.554.069,47	3,28%	18	342	2,66%	3,49%	1.571,62
6 O Pino	4.708	2,21%	132,15	5,99%	2.687.521,00	1,59%	35	721	5,61%	3,85%	1.732,50
7 Oroso	7.431	3,50%	72,6	3,29%	4.870.000,00	2,87%	4	105	0,82%	2,62%	1.179,00
8 Padrón	8.707	4,10%	48,37	2,19%	8.291.246,36	4,89%	19	563	4,38%	3,89%	1.750,50
9 Rois Santiago de Compostela	4.818	2,27%	92,76	4,21%	2.903.339,00	1,71%	3	70	0,54%	2,18%	982,12
10 Silleda	96.041	45,18%	220	9,99%	93.284.729,00	55,04%	197	8.259	64,24%	43,61%	19.625,65
11 Touro	9.037	4,25%	169	7,66%	4.710.815,00	2,78%	21	510	3,97%	4,67%	2.099,25
12 Trazo	3.919	1,84%	115,34	5,23%	2.975.399,00	1,76%	4	53	0,41%	2,31%	1.039,50
13 Val do Dubra	3.343	1,57%	101,3	4,59%	2.470.000,00	1,46%	1	12	0,09%	1,93%	867,37
14	4.136	1,95%	108,64	4,93%	2.323.000,00	1,37%	1	38	0,30%	2,14%	961,87

1						3.793.890,0					2,09	
5	Vedra	5.008	2,36%	52,78	2,39%	0	2,24%	9	173	1,35%	%	938,25
1	Vila de					2.980.004,0					3,38	
6	Cruces	5.934	2,79%	154,5	7,01%	0	1,76%	13	251	1,95%	%	1.519,87
	TOTAL	212.553	100,00%	2.205,23	100,00%	169.477.901,06	100,00%	416	12.857	100,00%	100,00%	45.000,00

COMENTARIO: O Pleno do Concello debe habilitar ao Alcalde para asinar o presente convenio con maioría absoluta.

(*) o dato do orzamento municipal refírese ao aprobado en pleno ó inicio do exercicio, non á súa liquidación.

CATÁLOGO DE CONDICIÓNNS QUE REXERÁN NA XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO

Os principios fundamentais que rexerán as accións que comprendan a promoción conxunta dos Concellos da Área de Santiago de Compostela serán os de solidariedade, beneficio común e lealdade. Estes principios inspiradores rexerán en todo caso a colaboración, non podendo ser alegables polas partes outros principios que traten de minorar estes. Tal é como aparece reflectido na “Cláusula Terceira.- Obxectivos da colaboración”, en todo momento debe ofrecerse unha lectura territorial conxunta e coherente, máis aló dos límites municipais, imperceptibles para o turista.”

Sendo o anterior así, todos e cada un dos Concellos de Área Santiago colaborarán nos proxectos conxuntos aínda cando os estes non supoñan un beneficio directo e tanxible sobre o territorio dalgún deles en concreto.

En todo caso, os Concellos de Área Santiago teñen a obriga de informar ao Grupo das súas estratexias de promoción turística individual, de forma que o Grupo poida telas en conta e integralas do mellor xeito posible na promoción conxunta.

Os Concellos asinantes do convenio comprométese a facer, na medida das posibilidades, permanente mención do Grupo nas súas promocións turísticas individuais.

No mesmo sentido, e co fin de reforzar a imaxe da promoción conxunta, o logotipo/mención específica do Grupo de Área Santiago deberá estar presente como mínimo nas webs municipais e/ou turísticas dos concellos participantes, e tamén en cantos outros materiais e soportes se considere oportuno. No caso das webs, o logotipo (ou no seu caso banner específico) deberá estar enlazado á web www.areasantiago.es Na comunicación social a través dos medios o Grupo rexerese polo principio de lealdade, de xeito que as comunicacións sobre as accións comúns responderán ás estratexias previamente pactadas polo Grupo e non poderán erixirse os Concellos en voceiros individuais ou comunicar aos medios de xeito singular.

Nas roldas de prensa e presentacións conxuntas aos medios de comunicación, establécese un turno alfabético para ordenar a presenza dos Alcaldes e/ou Concelleiros nas mesmas, que os Concellos deben respectar na medida das posibilidades. Sen embargo, en casos de interese especial, como as accións sobre temáticas específicas, a Comisión Mixta decidirá cal/es é/son o/s Concello/s que mellor representan ao Grupo en cada caso (por exemplo, se unha acción está relacionada co Camiño de Santiago, non tería sentido que a representasen, por exemplo, os Concellos de Val do Dubra ou Trazo, polos que non pasa ningún Camiño, aínda que lles tocase por orde alfabética).

Prevese un turno rotatorio para a Presidencia do Grupo, seguindo unha orde alfabética. A Comisión Mixta poderá propoñer os períodos de rotación que se consideren máis axeitados para o bo funcionamento do Grupo.

Co obxecto de conseguir á máxima eficacia na xestión, establécese unha secretaria permanente, cun buzón único, que será así mesmo a encargada da coordinación das reunións da Comisión Mixta e da redacción das correspondentes actas. Esta secretaria permanente residenciarase na entidade de xestión do Convenio.

2. Aprobar a habilitación ó Alcalde para asinar o citado convenio.

3. Comunicar dita aprobación ó Concello de Santiago de Compostela

7.Mocións número 166 do PS de G., número 368 dos Concelleiros Sr. Barcala e Sr. Canabal e moción número 414 do PP

A) Moción número 166 que presenta o grupo municipal socialista do Concello de Boqueixón con motivo do anteproxecto de lei orgánica polo que o Goberno de España pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo

“De acordo e ó amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Boqueixón desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte moción ca seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito de saúde sexual e reprodutiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.

No seu texto declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan á súa vida sexual e reprodutiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantindo pola Constitución e as Leis, e recoñécese o dereito á maternidade libremente decidido o que implica non só recoñecer ás mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.

A Lei, que veu substituír a unha regulación que vinte e cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debatida e aprobada desde o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o traballo en sede parlamentaria dunha Subcomisión na Comisión de Igualdade na que se contou coa participación dunha trintena de expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade. Ademais, reforzou a seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Consello de Estado e organismos internacionais de Nacións Unidas, da Organización Mundial da Saúde, do Consello de Europa e da Unión Europea.

O Goberno anuncio unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería a situar ás mulleres españolas na clandestinidade , suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.

Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un Anteproxecto de lei orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conxecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.

Co Anteproxecto aprobado polo Goberno suprimíase o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo nas primeiras catorce semanas , considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e “grave perigo para a vida ou a saúde” da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a maternidade. Suprimíase tamén , por tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tiña xustifico a interrupción do embarazo dende os anos oitenta do século pasado.

Esta norma non só suporá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como unha excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán eses retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguira reducir o número de abortos no último ano.

Esta normativa provocou un enorme rexeitamento social da cidadanía española e europea, das organizacións sociais, profesionais e feministas, e ademais motivou a aparición de declaracións de membros do seu propio partido, incluídas as dalgunhas mulleres que ocupan cargos públicos, discrepando do seu contido, e a crítica de dirixentes e medios de comunicación no estranxeiro, onde só cultivou a felicitación de formacións políticas de extrema dereita doutros países.

Por esta razón propónse a aprobación do seguinte acordo:

“O Concello de Boqueixón insta ó Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de lei orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre a saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo”.

Aprobada esta moción darase traslado da mesma ós grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados.”

O señor Canabal di o seguinte: “Neste senso dicir que neste mesmo senso, tiñamos unha moción a presentar no pleno, que quedou fóra por motivos persoais antes da convocatoria do pleno.

Dicir que dende o ano 2010, coa lei orgánica 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo introdúcense importantes modificacións.

O aborto pasa a ser un dereito da muller esixible e financiado publicamente. Recoñécese a libre disposición sobre o feto, e elimínase a ponderación entre a liberdade da nai e a protección da vida do feto.

Artéllase un sistema de prazos, establecido da seguinte forma:

- Ata as 14 semanas as mulleres poden abortar sen dar xustificacións e sen ningún tipo de autorización.
- Da semana 14 á 22 da xestación, a muller pode abortar nos supostos de grave risco para a súa vida e saúde ou se o feto padece graves anomalías.
- Despois da semana 22 pódese abortar se hai malformación incompatible coa vida do feto ou se este padece unha enfermidade de extrema gravidade e incurable cos diferentes ditámenes médicos esixidos.
- Recoñécese ás menores de 16 e 17 anos a capacidade para decidir, informando da mesma a algún dos seus representantes legais.

Na actualidade a contrarreforma da lei do aborto que impón o Ministro de Xustiza, Alberto Ruíz Gallardón, suprime o dereito das mulleres a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade. Esta norma supón un gravísimo retroceso normativo, social e ideolóxico no poder de decisión das mulleres sobre o seu corpo.

Esta reforma implica:

- Eliminar a lei de prazos e volver á lei de supostos, facendo desaparecer o aborto libre dentro das primeiras 14 semanas de xestación, e o suposto de abortar en caso de malformación fetal. Así como a eliminación da capacidade de decidir das menores de 16 e 17 anos con consentimento do representante legal.
- Incluír de novo no Código Penal o delito de aborto.
- Reducir as mulleres a cidadás de segunda. E crear desigualdades entre as mulleres que teñen recursos económicos e as que non. Recorrendo de novo ao aborto clandestino con grave risco para a súa saúde e para a súa vida.

Por todo o exposto, maniféstome a favor da moción presentada polo Sr. Barcala, e manifesto asemade a repulsa que me produce que en pleno século XXI sexan os sectores máis rancios e retrógrados da Conferencia Episcopal a que tente impor os seus postulados morais ao conxunto da poboación. Xa está ben. Cómpre paralos”.

O señor Alcalde di que o seu grupo abstense nesta moción.

Polo que sometida a votación e cos votos a favor do P S de G e do non adscrito e coa abstención do PP apróbase a moción presentada polo grupo municipal socialista con motivo do anteproxecto da lei orgánica pola que o goberno pretende revisar a lexislación vixente en España sobre a saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo, e consecuentemente o Concello de Boqueixón insta ao Goberno de España a retirada inmediata e non continuar a tramitación do anteproxecto de lei orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre a saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.

B) Moción número 368 presentada polos Concelleiros Sr. Barcala e Sr. Canabal, de personación na causa Pokemon

“Perfecto Barcala Mosquera e Xabier Canabal Fernández, ambos os dous Concelleiros da Corporación Municipal de Boqueixón, ao abeiro do disposto na Lei de Bases de Réxime Local, e nos regulamentos que a desenvolven, presentamos ó pleno da corporación do Concello de Boqueixón a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICION DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: Nas últimas semanas e ante o levantamento do segredo sumarial parcial da denominada operación Pokemon, levamos asistindo a un regueiro de informacións xornalísticas moi preocupantes, que presuntamente relacionan en maior ou menor grado na trama non só ao ex-alcalde da Corporación, o Sr. Gacio Vázquez, imputado na operación e detido no seu día, senón tamén a quen fora tenente de alcalde da corporación e actual Director Xeral de Xuventude e Voluntariado, Sr. Rodeiro Tato, así como a diversos traballadores deste concello.

SEGUNDO: As transcripcións parciais das supostas escoitas policiais levadas no seu día, así como as distintas declaracións dos imputados e testemuñas que diariamente aparecen na prensa galega, fan sospeitar que os presuntos delitos polos que foi imputado o ex-alcalde Sr. Gacio Vázquez, son de gran gravidade, e tamén apuntan a delitos que deixa a propia institución municipal claramente implicada e prexudicada polas presuntas prácticas irregulares na concesión administrativa dos servizos públicos, nomeadamente o Servizo de Axuda a Domicilio adxudicada á empresa Sermasa.

TERCEIRO: A propia institución municipal non pode quedar allea e ao marxe, posto que aparentemente, e polo que se pode albiscar nas diversas informacións xornalísticas que aparecen nestes días, parece ser que existe unha xeneralización nas prácticas de contratacións do concello que puideron ou poden ser irregulares.

E por iso, e como único obxectivo de defender o interese xeral do Concello de Boqueixón, atendendo á breve exposición de motivos, sometemos ó pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Que o Concello de Boqueixón, como mellor procede en dereito, se persone na causa Pokemon aberta no Xulgado número 1 de Lugo como parte directamente perxudicada na Operación Pokemon.

SEGUNDO: O Concello de Boqueixón porá a disposición do Pleno da Corporación toda a información dispoñible desta causa, ao fin de decidir a mellor forma de defensa do interese xeral.”

O señor Canabal di que está explicado no texto da moción. O único que se pretende coa moción é que o concello se persoe na causa e poder obter luz a todas as sombras informativas que están a saír nestas semanas.

A Concelleira dona Raquel García di en primeiro lugar que pola decencia do concello o grupo mixto debería medir as súas palabras e por suposto nos tamén (di a Sra. García), e antes de dicir algo hai que estar moi seguro do que se vai dicir. Pois todos debemos mirar pola boa imaxe do concello.

O señor Barcala di que o ex-alcalde foi detido e unha serie de funcionarios foron chamados a declarar xudicialmente.

A señora García Fraga respóndelle dicindo que debe estar moi seguro do que acaba de dicir porque iso é moi grave e ata poder ser delito.

Di o señor Barcala que hai información e a señora García Fraga di que si se informa de que hai concelleiros implicados, por suposto en principio ela sentiríase aludida.

O señor Canabal di que todos estamos baixo sospeita e o que sae nos xornais aféctanos a todos. Segue dicindo que si se demostra que é mentira débense tomar medidas contra os medios de comunicación porque estannos facendo dano.

Neste momento a Secretaria – Interventora pregunta ao señor Alcalde se o señor Buján (administrativo - contable) e ela mesma poden facer unha pregunta ao señor Barcala, e ante a autorización do Alcalde, pregunta se realmente dixo ou entenderon mal, que foran a declarar xudicialmente unha serie de funcionarios e se foi o que dixo, se pode indicar cal é esa serie de funcionarios porque no concello non nos consta nada (salvo a que xa se coñece).

Responde o señor Barcala, que son os que saíron na prensa: o ex-alcalde de Boqueixón, e cita tamén o alcalde de Teo (que devolveu certos regalos) e o señor Ovidio Rodeiro (ex -tenente de alcalde de Boqueixón).

Di a Secretaria – Interventora que esas persoas non son funcionarios de Boqueixón e o señor Barcala cita a continuación á ex-traballadora social do concello de Boqueixón.

A señora García Fraga di que unha soa persoa (que ademais agora non é funcionaria en Boqueixón) non constitúe unha serie de funcionarios. Insiste o señor Barcala en que saíu na prensa, e responde a señora García Fraga que na prensa saen moitas cousas que non son verdade.

O señor Canabal di que efectivamente e por iso deberíamos persoarnos para comprobar o que realmente hai no sumario.

Neste momento o señor Alcalde dille ao señor Canabal que a veces as noticias da prensa dependen de quen as reciben e cita o programa de “La Sexta Columna” sobre a Pokemon, concretamente Boqueixón, no cal o señor Canabal falaba dunha pista onde está a casa do ex-alcalde como perfectamente asfaltada cando o señor Canabal coñece que foron os veciños os que a fixeron.

A señora García Fraga di, ademais que tamén se sacou unha pista da concentración parcelaria e que iso é xogar sucio e que o señor Canabal mal informa.

O señor Canabal di que non coñece de onde sacaron o guión e a información, que alguén do concello os chamaron e que cando chegaron que tamén estaba Barcala, viñan coa idea de ver as pistas sen asfaltar e as entradas ás leiras dos veciños asfaltadas. Segue dicindo que, concretamente esa pista foi tratada nun pleno, ao que responde a señora García Fraga que encima é verdade. E o señor Alcalde di que se inclúe, precisamente no Plan DTC da Deputación Provincial da Coruña.

O señor Canabal di que isto está pasando porque desde a corporación non informan de nada e o señor Alcalde responde que non lles pode informar porque non sabe nada do que dixo o ex-alcalde a xuíza.

Neste momento o Concelleiro Manuel Mouriño, di que precisamente aproveitando este momento, un representante (non municipal) do grupo Compromiso por Galicia puxo hai dous meses aproximadamente unha foto del (do Concelleiro señor Mouriño) e coa lenda “agora tamén con regalos”, cando eu (di o señor Mouriño) nunca vin diante a eses señores.

Pide o señor Mouriño que cando se poña algo na prensa se diga a verdade, se indique con claridade as persoas e que non se debería dicir dúas secretarias, persoal de servizos sociais e de contratación sen máis pois todos temos familia e sabemos que estas cousas causan moito dano.

O señor Canabal di que por isto deberían votar a favor da moción, para coñecer o que se dixo. Responde a señora García Fraga que efectivamente, antes de dicir algo débese ter coñecemento do que se vai dicir e que os funcionarios/as deste concello sempre mostraron a súa profesionalidade e teñen familia á que lles afecta os “disques” que se publican e que encima son falsidades.

O señor Canabal responde que todos non porque hai unha funcionaria imputada que é a ex-traballadora social do concello. Di a señora García Fraga que neste momento non é funcionaria no Concello de Boqueixón.

Neste momento o señor Barcala, rebusca entre os seus papeis e cita un recorte do periódico “El Mundo” publicado o 13/02/2014 no cal textualmente cita que “Nunha situación semellante están varios cargos do concello coruñés de Boqueixón, como o alcalde, Adolfo Gacio Vázquez, o tenente de alcalde, dúas secretarias e os responsables de asuntos sociais e contratación que recibiron as atencións dun José María Tutor que agasallaba con caixas de cohibas a algúns privilexiados”

A Secretaria – Interventora que subscribe, previa autorización do señor Alcalde dille que, posto que se está dirixindo visualmente a ela, que xa tivo coñecemento do artigo e que se alude a dúas secretarias, parece evidente que unha debería ser a do concello, e que se coñecera de onde saíu a noticia posiblemente tomaría medidas, porque (segue dicindo a Secretaria – Interventora) eu non recibín regalos nin sequera tiven contactos de ningún tipo con esa empresa nin intervín para nada na redacción das prescricións técnicas. Simplemente fun unha vogal da mesa como vostedes. A miña profesión obrígame, máis aínda se cabe, ser honrada, honesta e creo que o son.

O señor Canabal, responde que eles tamén o teñen que ser. Responde a Secretaria que sí tamén, pero que ela fala por si mesma e que ademais, curiosamente, deles non saen na prensa noticias sospeitosas.

Finalmente o señor Canabal di que, se nalgún momento puido dicir ou facer algo do que se derivara algunha sospeita contra calquera traballador/funcionario, pide desculpas e que realmente esa non era a súa intención.

Así mesmo, o señor Barcala pide perdón se nalgún momento dixo algo que non debía e reitera que só se dedicou a citar a prensa, pero que non acusa a ninguén.

O señor Alcalde di que só nos consta (no concello) como imputados o ex-alcalde e a ex-traballadora social.

O señor Barcala di que efectivamente só se fala deles dous e a señora García Fraga di que eses dous non constitúen unha serie de funcionarios. Polo que hai que falar con precisión.

O señor Canabal pregunta, se xuridicamente nos poderíamos persoar.

Contesta a Secretaria, que consultouno na Asesoría Xurídica da Deputación e respondéronlle que si poderíamos pero neste caso, eles (servizo xurídico da deputación) non nos poderían representar senón que teríamos que designar un avogado.

Finalmente din na súa moción que á vista do debate o PP vaise posicionar en contra da moción, o que me parece un gran erro estratéxico. Non querer saber o que pasou, se realmente pasou, e tentar limpar o nome de Boqueixón e dos traballadores e concelleiros, parécenos mesmamente intolerable.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PSOE e do non adscrito e en contra do PP rexeitase a moción número 368 presentada por Perfecto Barcala Mosquera e Xabier Canabal Fernández.

C) Moción número 14/414 presentada polo grupo municipal do PP no Día Internacional da Muller.

O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A loita pola igualdade da muller en España ten máis de 100 anos de historia, grazas a mulleres como as nosas avoas, nais ou mestras, que fixeron posible que as nosas fillas e fillos crezan hoxe nun país máis xusto, máis libre e máis igualitario. A auténtica revolución do século XX foi a incorporación da muller ao mercado laboral.

As mulleres somos a metade do capital humano da sociedade, por esta razón, no século XXI un obxectivo fundamental debe ser aproveitar de xeito eficiente todos os recursos e talentos dispoñibles, nomeadamente os femininos.

A visión de que todas as mulleres somos un piar para Galicia tamén está moi presente nun momento no que o contexto global esixe maiores cotas de enxeño e creatividade para poder crear proxectos de crecemento, e deste xeito é prioritario apoiar unha utilización máis extensa e eficaz do potencial e do talento das mulleres.

Homes e mulleres, somos, dende a diversidade, igualmente valiosos e necesarios, pero en demasiadas ocasións as mulleres seguimos tendo que demostrar o dobre para alcanzar a metade.

Os datos e os feitos son tallantes: máis do 60% dos títulos superiores nas universidades de España e da Unión Europea teñen nome de muller e o Banco Mundial deixou claro

que a achega das mulleres en decisións estratéxicas aumenta a produtividade da entidade nun 20% como media.

Non obstante hai que lamentar que a presenza feminina nos postos directivos das administracións dos Estados membros da UE apenas roza o 30%, en tanto que en España a media de mulleres nos consellos de administración do Ibex 35 só representan o 13,5%.

A participación das mulleres no mercado de traballo é cada vez maior; non obstante, aínda persisten as desigualdades laborais, especialmente nos postos directivos.

Así, o aproveitamento do talento feminino persegue potenciar unha participación máis ampla e diversa das mulleres no desenvolvemento económico e social de Galicia, aproveitando o talento, a experiencia e a visión deste valioso capital humano para aumentar as bases dun tecido produtivo máis innovador e competitivo e cada vez máis internacionalizado; fomentando ao mesmo tempo unha organización empresarial máis comprometida coa igualdade de xénero.

As mulleres están presentes en todas as facetas económicas e sociais do país, pero moitas seguen tendo que elixir entre a maternidade e a súa profesión, algo que non debe ser admisible na nosa sociedade. Entre as administracións, os axentes sociais e as empresas, o camiño ha de estar marcado: un modelo de sociedade que permita a conciliación real e efectiva de homes e mulleres.

A sociedade non pode permitirse este dispendio de talento, porque a maior igualdade aumenta a produtividade, mellora a competitividade e é motor de desenvolvemento.

Polo tanto, temos que apoiar as mulleres a que innoven, cren ideas e produtos competitivos. A creación de proxectos empresariais e o autoemprego constitúen un pilar relevante que busca promover o espírito emprendedor e a actividade empresarial das mulleres, cunha especial atención aos sectores vinculados á tecnoloxía, o coñecemento e a creatividade.

Por isto, faise necesario, polo tanto, apoiar e potenciar o desenvolvemento profesional das mulleres en Galicia en aqueles ámbitos de actividade económica onde aínda exista unha baixa representación feminina.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Boqueixón eleva ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Instar a todas as Administracións públicas, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais, a:

- a) Realizar campañas de divulgación e formación no ámbito do emprendemento feminino.
- b) Potenciar políticas e programas de apoio ao emprendemento feminino e á consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral.

O señor Canabal di que aínda que tiña preparado unha serie de descalificativos de cara o posicionamento da moción sobre a reforma da Lei do Aborto, a súa actitude, tibia, ao absterse e propiciar que se aprobara é un xesto que sumo no seu haber, e consecuentemente, na súa oposición aos termos da reforma de Lei exposta polo Ministro.

É por iso que quero felicitalos neste aspecto; e polo que respecta á moción, e en conseguir escenarios de igualdade real da muller, teñen neste concelleiro un aliado e promotor. É así que apoio a súa moción.

O señor Barcala di que está a favor sempre, deste tipo de iniciativas a favor da muller.

Sen máis por unanimidade apróbase a moción número 414 presentada polo grupo popular.

8. Información da Alcaldía

Dáse conta dos decretos que tiveron lugar desde o 17/01/2014 ata o 6/03/2014, do que se dan por informados.

Dáse conta da sentenza 00001/2014 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con./Ad. Sec.2, o 16 de xaneiro de 2014, en relación co recurso de apelación número 004207/12, cuxo promovente é don José Manuel Raviña Rubio, Administración demandada o Concello de Boqueixón e codemandados a Xunta de Compensación do SAUI 2, e SAUI 2 Boqueixón Sociedade Cooperativa Galega.

Dita sentenza sinala que procede a desestimación do recurso de apelación promovido pola representación legal de don José Manuel Raviña Rubio contra a inicial sentenza número 57/12, de 27 de xaneiro pola que se lle desestimou o cumulativo recurso contencioso administrativo contra:

- a) A desestimación presunta polo Concello de Boqueixón do seu recurso de reposición contra aquel inicial acordo de data 3/09/2008, ditada pola Xunta de Goberno Local pola que tanto se aprobou definitivamente o proxecto de compensación SAUI 2 como se autorizou, no seu caso, a ocupación pola correspondente Xunta de Compensación das parcelas non incorporadas.
- b) O acordo da Xunta de Goberno do 22/04/2009 pola que se estimou parcialmente aquel terceiro recurso de reposición suscitado por Santiago Sur SL e pola que se lle adxudicaron a mesma parcelas de resultado e así mesmo á entidade empresarial SAUI 2 Boqueixón Sociedade Cooperativa Galega
- c) O acordo do Pleno ditado o 10/09/2008 pola que se constituíu entón o patrimonio municipal do solo, integrado entre outros bens polos aproveitamentos urbanísticos inherentes o dito proxecto de compensación SAUI 2 alí radicado.

Da sentenza 00001/2014 danse por enterados.

9. Rogos e Preguntas.

O señor Canabal fai os seguintes rogos e preguntas, ó que o señor Alcalde di que lle responderá por escrito.

ROGOS

1. Sobre o PXOM

O PXOM á vista do informe de Patrimonio parece ir para largo, polo tanto temos a obriga de ver se podemos facer algo en relación ás licenzas esgotadas en núcleos rurais: Feitas algunhas consultas xurídicas, coido que se pode:

- As NNSS de Planeamento Municipal de Boqueixón responden ao esquema definido na lexislación autonómica vixente no momento da súa redacción, en concreto, pola Lei 11/1985 de Adaptación da do Solo a Galicia, anterior á lexislación actual.
- Visto isto parece lóxico, que as NNSS non pode exceder da norma habilitante, polo tanto, o artigo 26.5 das NNSS non pode impedir a concesión de novas licenzas aínda que supere o número máximo autorizable no núcleo, xa que non existe norma ningunha, nin legal nin regulamentaria que permita ao planeamento xeral establecer a prohibición de concesión de licenzas nos núcleos, nen na normativa vixente ao tempo da súa aprobación, nin na vixente na actualidade.

E por iso, e ante a suposta negativa que ten o Estudio Técnico Gallego en referencia a este extremo, e vendo a imposibilidade de ter aprobado un PXOM a curto prazo, rogo que soliciten un informe á deputación.

Que lle parece? Poderemos facelo?

Di o señor alcalde que si lle vai responder a esta e dille que o informe de Patrimonio é negativo pero por cousas puntuais e de escasa importancia, aínda que insisten nas Torres de Lestedo. Sen embargo algún técnico (da Coruña) xa se puxo en contacto con Patrimonio para dicirlles que tales Torres non existen.

En canto ao que o señor Canabal pide, que se solicite á Deputación un informe sobre a posibilidade de concesión de licenza en núcleos o señor Alcalde respóndelle que está de acordo.

PREGUNTAS

2. Sobre a adxudicación do abastecemento da auga.

Á vista da información presentada pola Alcaldía (prego de cláusulas e contrato), podemos ver que os custos enerxéticos son responsabilidade da empresa adxudicataria. Ao igual que vemos no caso dos informes emitidos pola Deputación ao respecto deste tema.

Pregunta se teñen preparado algunha acción.

O señor Alcalde di que haberá que pagarlle os custos das obras que executaron, ao que di o señor Canabal que é verdade pero que tamén o é que os custos enerxéticos nos últimos dez anos incrementáronse moito e polo tanto haberá que chegar a un acordo.

O señor Alcalde di que, no seu momento, xa dicían que ao chegar aos 600 aboados xa se cubrían gastos e agora (segue dicindo o sr. alcalde) temos aproximadamente 1.000 aboados e segue sen cubrir.

Finalmente decídese, en que se fará unha xuntanza para aclarar este tema coa empresa adxudicataria do servizo de abastecemento.

(Para coñecemento dos Concelleiros/as desta Corporación Municipal infórmase o seguinte: en canto ós servizos mínimos, a Lei 27/2013 de 27 de decembro , de racionalización e sostibilidade da Administración Local (BOE 30/12/2013) que entrou en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no citado BOE, establece no seu artigo 26.2 que “nos concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que COORDINARÁ a prestación dos seguintes servizos:

b...Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

Para coordinar a citada prestación de servizos propoñerá, coa conformidade dos concellos afectados, ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a forma de prestación, consistente na prestación directa pola Deputación ou a implantación de fórmulas de xestión compartida a través de consorcios, mancomunidades ou outras fórmulas.”)

Neste intre cando son ás 14.50 h. abandonan o salón de plenos a Concelleira dona Adela Redondo Rendo e o Concelleiro don Antonio González Barral.

O señor Barcala fai os seguintes rogos e preguntas:

ROGOS:

1. Que se cambie o horario dos plenos.
2. No último pleno fíxenlle a vostede un rogo para que se fixese a Movistar unha petición de liñas ADSL para a parroquia de Lestedo. Pois agora gustaríame ampliar dita petición a todas as parroquias do concello que o precisen. Vin que fai algúns días fixeron vostedes unha petición para a parroquia de Lamas, concretamente para o lugar da Espiñeira, pero non se acordaron vostedes da miña petición, ou non quixeron, para a parroquia de Lestedo e o resto do concello.

PREGUNTAS:

1. O 24 de febreiro de 2014 prodúcese unha alta no servizo de abastecemento, correspondente a empresa funeraria Casablanca. Esta empresa aboou a cantidade de 109,62 €, (taxa correspondente as empresas situadas fora de polígono industrial que teñan ata dous obreiros). ¿Esta empresa funeraria non terá máis de dous obreiros, ou e que cando prestan un servizo funerario levan o cadaleito só dúas persoas?, Terán que ser dúas persoas que estean moi fortes.

Rogo se revise esta alta de abastecemento e así mesmo a alta de saneamento que se produciu nas mesmas datas por parte da devandita empresa.

Responde o señor Alcalde que o aboamento da correspondente taxa é de acordo co que establece a ordenanza e que non coñece o número de traballadores que ten a empresa.

O señor Canabal di que, sen embargo, xuridicamente é interesante e deberíano ter claro.

2. Levamos dous meses con obras de acondicionamento nos baixos da Casa de Cultura de Camporrapado, ata que se produza a alta no servizo de abastecemento ¿quen pagou o consumo de auga e electricidade da empresa que fai as obras?. O concello.

Responde o señor Alcalde que haberá un contador de obra e en canto á electricidade, tiñan un grupo electrógeno.

Neste intre a Concelleira, dona Raquel García Fraga dille ó señor Barcala que se enterou de que estivo facendo fotografías nunha zona na que tiña o seu coche aparcado e solicítalle e espera que non saíran nas fotos o seu coche e sobre todo a súa filla.

Responde o señor Barcala que as fotos fíxollas á fachada e responde dona Raquel García Fraga que precisamente o seu coche estaba aparcado onde a fachada.

3.¿Teremos PXOM neste século?, explícome: O 12 de febreiro ten entrada neste concello un informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural desfavorable respecto do plan xeral de ordenación municipal, no que sinala que se deben facer varias correccións. Compre sinalar que se comezou a tramitación deste plan xeral de ordenación municipal, no pasado século XX e xa logo non sei cantas veces veu rexeitado, iso si a empresa que o redacta cobra sempre por un traballo que nunca fai ben. ¿Poderame vostede dicir cando teremos PXOM e canto nos vai custar?.

Responde o señor Alcalde que ETG (empresa redactora do PXOM) xa cobrou a parte que lle correspondía ata a fase actual que se está tramitando. Que o PXOM remitiuse á Xunta de Galicia e de momento seguimos á espera.

O señor Canabal di que levamos máis de 4 anos tramitando e pregunta se ETG conseguiu aprobar algún PXOM dalgún concello.

Responde o señor Alcalde que lle faga a pregunta ó técnico que o está redactando (Isidro)

Sen máis, asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e Prace
O Alcalde